

P. Martínez Lema (2009): “Proceso de construción dun inventario toponímico medieval: o *Tombo de Toxos Outos*”, *Estudos de lingüística galega* 1, 67-83.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Proceso de construción dun inventario toponímico medieval: o *Tombo de Toxos Outos*

Paulo Martínez Lema

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

paulo.martinez@usc.es

Recibido o 14/01/2008. Aceptado o 1/07/2008

Constructing an inventory of medieval place-names: the *Tombo de Toxos Outos*

Resumo

A toponimia medieval veu sendo utilizada historicamente como un instrumento ao servizo de determinadas propostas etimolóxicas, mais poucas veces se concibiu como unha ferramenta que permita comprender globalmente as transformacións internas e os procesos de renovación do sistema toponímico, en constante interacción coa historia e a xeografía. Por outra banda, a relevancia dada á toponimia nos índices incluídos nas diversas coleccións documentais é escasa, cando non nula ou deficiente. Co propósito de subsanar estas carencias levamos a cabo a elaboración dun inventario que recollese todo o material toponímico presente no tomo do mosteiro de Toxos Outos (documentación dos séculos XII ao XIV), indicando a totalidade de formas distintas baixo as que aparece cada topónimo, a contextualización cronolóxica e documental de cada unha delas dentro do tomo e a situación do seu referente extralingüístico no marco xeográfico-administrativo correspondente (galego ou foráneo). Neste artigo descríbense de xeito breve as principais fases do proceso de elaboración dese inventario, así como certas cuestións teóricas e prácticas que se nos foron presentando no transcurso do mesmo, coa intención de deseñar un principio de metodoloxía para o tratamento da toponimia na documentación medieval galega.

Palabras chave

Lingüística histórica, onomástica, toponimia

Abstract

Historically medieval place-names have been used to support certain etymological proposals, but have rarely been thought of as a tool for improving our overall understanding of internal change and the renovation process within the toponymic system in constant interaction with history and geography. Moreover, little if any attention has been paid to the place-names in indices of document collections, or else have received inadequate treatment. In order to put this right, we have constructed an inventory of all the place-names in the Tombo de Toxos Outos, a set of documents written between the 12th and 14th centuries in the Galician monastery of Santos Xusto e Pastor de Toxos Outos, noting all forms of every toponym, their documentary and chronological contexts within the collection, and the situation of extralinguistic referents within their geographic and administrative settings, whether Galician or otherwise. This article gives an overview of the main phases in the process, as well as discussing some theoretical and practical issues arising in the course of the undertaking, for the purpose of designing a methodology for the treatment of place-names in medieval Galician texts.

Keywords

Historic Linguistics, Onomastics, Toponymy

Sumario

1. A toponimia medieval no marco dos estudos toponomásticos. 2. Obxecto de estudo: a documentación do tomo de Toxos Outos. 3. A construción do inventario toponímico do tomo de Toxos Outos. 3.1 O procesamento dos textos. 3.2 A dimensión lingüística dos topónimos. 3.3 A dimensión referencial dos topónimos. 3.4 Identificación e localización dos topónimos: fontes utilizadas. 4. Algunhas conclusións.

Contents

1. Medieval place-names in the framework of toponomastic studies. 2. Object of the investigation: the documentation of the *Tombo de Toxos Outos*. 3. Constructing the place-name inventory of the *Tombo de Toxos Outos*. 3.1 Processing the texts. 3.2 The linguistic dimension of the place-names. 3.3 The referential dimension of place-names. 3.4 Identification and location of place-names: sources used. 4. Conclusions.

1. A TOPONIMIA MEDIEVAL NO MARCO DOS ESTUDOS TOPONOMÁSTICOS

Os estudos onomásticos, e máis en concreto os toponímicos (estudo diacrónico e/ou sincrónico da xénese e evolución dos nomes xeográficos), constitúen unha liña moi produtiva desde sempre en todo o ámbito da lingüística románica, e, dentro deste, no dominio cultural galego-portugués. Estudosos como Martín Sarmiento, J. M. Piel, Dieter Kremer, Edelmiro Bascuas ou Abelardo Moralejo, por citar soamente uns poucos, realizaron achegas impagábeis a este eido, e é grazas a eles que contamos hoxe cunha idea máis cabal e coherente de como se comportou ao longo do tempo o sistema toponímico galego, tanto no seu conxunto como no tocante a certas parcelas máis ou menos amplas do mesmo. Porén, non é menos certo que aínda nos nosos días fican por resolver moitas cuestións, algunhas das cales esixen unha solución até certo punto urxente. É o caso, por exemplo, da estandarización gráfica de numerosos toponimos sometidos durante séculos a presións de distinto signo (salientando entre elas a da castelanzación) que acabaron por deturpalos. Esta eiva, e aínda outras doadamente detectábeis por calquera investigador que se mergulle no mundo da toponomástica galega, só poden emendarse mediante o afondamento nas liñas de traballo abertas e a ampliación das fontes existentes a día de hoxe. Entre esas fontes, como é evidente, atinxe unha importancia vital a documentación medieval.

Tradicionalmente, as atestacións de toponimos nos textos antigos (medievais sobre todo, mais non só) viñeron empregándose como argumentos para apoiar ou rebater a validez de determinadas hipóteses etimolóxicas. Tamén se utilizaron para realizar, na medida do posíbel, un seguimento das mudanzas e alteracións sufridas polas formas estudadas, así como da cronoloxía de tales transformacións. As posibilidades que disto se derivan son numerosas. Atendendo á toponimia medieval poderemos extraer datos interesantísimos sobre os movementos de poboación (que sempre deixan unha pegada directa ou indirecta nos nomes de lugar), a emerxencia, desaparición ou fusión de asentamentos humanos, a vixencia e cronoloxía de determinados fenómenos lingüísticos (fonéticos, léxicos e mesmo morfolóxicos) ou, xa nun plano máis específico, o grao de interacción da toponimia co outro grande subsistema onomástico, a antroponimia. Estes poucos exemplos fálanos, como vemos, duns aproveitamentos que atinxen non soamente á lingüística, senón tamén a outros eidos de coñecemento tan amplos como a historia ou a socioloxía, o que converte a toponimia (e en xeral a onomástica) nun campo de traballo definido polo seu carácter interdisciplinar e dotado dunha inmensa riqueza de contidos. En palabras de Terrado Pablo (1999: 127), “la toponimia es una ciencia histórica, es una parte de la antropología cultural, sin dejar de ser una ciencia lingüística”.

Na actualidade contamos con instrumentos que nos facilitan sensibelmente o acceso a esas fontes medievais ás que nos referiamos. Medrou de xeito considerábel o número de coleccións documentais publicadas, grazas non só ao traballo dos paleógrafos e editores máis veteranos, senón tamén a dos novos autores que comezan os seus labores de investigación achegándose ao moito material inédito pendente de transcribir, ou ben ás obras xa dispoñíbeis mais necesitadas dunha revisión e actualización que as faga máis fiábeis. En todo caso, e salvando sempre honrosas excepcións, podemos dicir que a atención dada á toponimia nestas publicacións é bastante escasa, ou mesmo marxinal. Son moitos os exemplos de coleccións documentais cuxos índices toponímicos, de existiren, non contemplan sequer todo o material existente nos textos, ou ben rexistran soamente unha parte das variantes formais que tales toponimos ofrecen. Noutros casos, as localizacións que se propoñen para os referentes deses nomes de lugar son demasiado vagas, cando non inexactas.

Por outra banda, unha boa parte deste inxente corpus textual antigo pode consultarse desde hai tempo en soporte dixital grazas ao CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaeie*) e especialmente ao TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), desenvolvido pola sección de Gramática Histórica do Instituto da Lingua Galega e que pretende contar a curto prazo cun módulo complementario, o *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*, que

afondará máis aínda nas posibilidades da toponimia medieval. A creación dese inventario é unha consecuencia lóxica do proceso de tratamento dos textos, unha de cuxas fases principais consiste na marcaxe dos múltiples elementos onomásticos dos documentos. Neste contexto concreto de informatización e sistematización do abondoso material toponímico da documentación medieval galega é no que comezamos a desenvolver o noso *Inventario Toponímico do Tombo de Toxos Outos*, concibido como un amplo glosario que recolla todos os topónimos (coa súa diversas variantes formais e o contexto cronolóxico e documental de cada unha delas) dun cartulario medieval galego concreto, o Tombo de Toxos Outos.

2. OBXECTO DE ESTUDO: A DOCUMENTACIÓN DO TOMBO DE TOXOS OUTOS

Situado na ruta que une a ría de Muros coa cidade de Santiago de Compostela, o mosteiro dos Santos Xusto e Pastor de Toxos Outos (radicado na freguesía homónima, hoxe pertencente ao concello de Lousame) foi fundado a comezos do s. XII polos cabaleiros Froila Afonso e Pedro Muñiz. Grazas á protección de Afonso VII e da poderosa familia dos Traba, o cenobio non tardou en se converter nun dos máis importantes de Galiza, chegando a contar con posesións territoriais en áreas tan distantes como a comarca leonesa de Los Oteros ou o norte de Portugal. Porén, o mosteiro de Toxos Outos foise sumindo a partir do s. XIV nunha progresiva decadencia que culminou en 1475 coa súa anexión á abadía de Santa María de Sobrado dos Monxes.

Mais foi antes, a finais do s. XIII, cando os monxes de Toxos Outos comezaron a reunir toda a documentación xerada desde a súa fundación e relacionada, directa ou indirectamente, cos seus diversos dominios. A elaboración deste tomo iniciouse seguramente durante o abaciato de don Sancho Eáns, concretamente no ano 1289, mais contou con adicións posteriores datábeis na primeira metade do s. XIV. Hoxe consérvase no Arquivo Histórico Nacional e xa desde época temperá foi obxecto de transcricións parciais por parte dalgúns autores. A máis antiga da que temos noticia apareceu publicada en 1889 en *Galicia Diplomática*, da man do diplomático Pedro Pais Lapido. Seguíronlle, xa un século máis tarde, as edicións de M^a de los Ángeles Guajardo-Fajardo Carmona (1989) e a de Vicente Salvado Martínez, realizada na década dos 40 do pasado século, mais que non foi dada a coñecer até o ano 1991 nas páxinas da revista *Compostellanum*.

A única edición completa do tomo de Toxos Outos coa que contamos a día de hoxe, e sen dúbida a máis fiable de cantas foron aparecendo ao longo do tempo, safu á luz no ano 2004 da man de Francisco Javier Pérez Rodríguez, e é esta a que tomamos como referencia para o noso traballo. Os seus índices onomásticos son, con moitísima diferenza, os máis completos de cantos dispomos até o momento. De feito, o índice toponímico serviunos como base impagábel para a construción do noso inventario e ofreceunos as claves para a localización de numerosos topónimos, moitos deles menores (regatos, outeiros, leiras...) e difíciles de identificar por outras vías. Aínda así, non deixan de observarse certas carencias bastante comúns neste tipo de obras: nos índices non se dá conta de todo o material toponímico do tomo, nin tampouco resultan sempre todo o exhaustivos que deberían á hora de enumerar o total de ocorrencias dun determinado topónimo ou a diversidade de formas distintas baixo as que pode aparecer na documentación do cartulario. Os topónimos que aparecen unicamente como apelidos dentro de cadeas antroponímicas son sistematicamente ignorados, decisión comprensíbel no caso de topónimos excesivamente xenéricos ou abundantes (casos como o de *Oduarius Carvalius*, por exemplo), mais xa non tan xustificábel noutros que non ofrecen tales dificultades (como *Petrus Conde de Gamazanes*, no que se recoñece o actual *Gasamáns*, lugar da parroquia de Agrón, concello de Ames). Estas foron algunhas das deficiencias que quixemos emendar, sempre dentro das nosas posibilidades, no inventario que elaboramos e cuxo proceso de construción e estruturación pasamos a describir polo miúdo.

3. A CONSTRUCCIÓN DO INVENTARIO TOPONÍMICO DO TOMBO DE TOXOS OUTOS

3.1. O procesamento dos textos

A elaboración do noso traballo constituíu un proceso laborioso e complexo, organizado en varias fases. A primeira delas, imprescindible de cara á posterior organización e manipulación do material toponímico, consistiu na etiquetaxe de todos e cada un dos documentos do tomo, facendo constar unha serie de informacións que nos permitisen fixar as coordenadas xeográficas, cronolóxicas, lingüísticas, autorais e editoriais de cada documento. Porén, na versión definitiva do inventario soamente figura unha parte deses ítems informativos, concretamente os relativos ao ano, capítulo e páxina (ordenados sempre nesta orde) nos que se rexistra cada forma toponímica. Así, no seguinte exemplo vemos que a forma *Santiago d'Arquos* aparece no tomo nun documento do ano 1334, e que ese documento constitúe o número 795 e aparece na páxina 704 da edición utilizada como referencia:

Arcos [ARCOS] - [-] n.h. (ARCOS-Mazaricos-1).

➤ **Santiago d'Arquos**: 1334 (795: 704).

As restantes etiquetas presentan valores que non xulgamos pertinentes polo de agora para o estudo toponímico, mais que seguramente haberá que incorporar conforme se vaian sumando novas coleccións documentais ao noso proxecto. É o caso do lugar de redacción do documento ou o nome do notario responsábel da elaboración do mesmo. Estes datos poden resultar de grande relevancia para comprender aspectos como, por exemplo, os distintos mecanismos empregados na adaptación de certas formas toponímicas xa romances aos hábitos escriturais herdados da tradición latina e imperantes aínda na época en que se están a producir os textos que máis tarde integrarán o tomo de Toxos Outos¹.

A segunda fase consistiu na minuciosa identificación e marcaxe de todas e cada unha das cadeas onomásticas da obra. Neste proceso consideramos tanto as cadeas estritamente toponímicas (*Carnota*, *Beato Jacobo*) como as secuencias antroponímicas que conteñen un ou varios apelidos de natureza detoponímica (*Rudericus Carnota*, *Munionis Beato Jacobo*). Neste segundo grupo xurdiron algunhas dificultades metodolóxicas, reducíbeis en última instancia a dúas circunstancias principais.

1. A presenza de elementos en principio claramente toponímicos, mais cuxa identificación resultaba a miúdo moi complicada ou mesmo imposible debido ao carácter xenérico da forma en cuestión e, xa que logo, á multiplicidade de posibles referentes asociados a ela. Tal foi o que aconteceu con topónimos como *Vilar*, *Carvalius* ou *Castro*, entre outros. Por tal motivo, moitos destes topónimos, aínda que figuren na versión definitiva do inventario, ficaron como non localizados e foron obxecto dun tratamento especial que comentaremos no seu momento.

¹ Pensemos, a xeito de exemplo, no propio topónimo *Toxos Outos*, que só na documentación do tomo coñece até dous xeitos distintos de (pseudo)latinización: por un lado, a mera latinización externa do topónimo, mediante a aplicación dunhas correspondencias fonolóxicas e gráficas moi básicas (e non poucas veces antietimolóxicas) entre lingua latina e lingua romance (*Togios Altos*, *Togios Octos...*); polo outro, o recurso a formas semanticamente afíns, extraídas da lingua culta latina (en ocasións mesmo carentes de continuidade no romance) e empregadas para “traducir” unha forma sentida xa como vulgar (*SPINŪS > Spinis Altis*, *TRIBŪLŪS > Tribulis Altis*). Pois ben, investigando a fondo esta cuestión, seguramente concluíríamos a existencia dalgún tipo de conexión entre o predominio dun ou outro mecanismo e os factores xeográfico (no sentido de *demarcación notarial*, basicamente), autorial e/ou cronolóxico. Así, das catro atestacións da forma *Spinis Altis*, todas elas restrinxidas aos anos centrais do s. XII, dúas delas aparecen en documentos redactados por un tal *Pelagius Cardinalis, diaconus / Pelagius Cardinalis, clericus*, asentado segundo parece na cidade de Santiago de Compostela.

Porén, é certo que nalgúns casos o contexto xeográfico explicitado no texto orientounos con maior ou menor claridade nunha determinada dirección: por exemplo, nun testamento outorgado en 1232 (doc. 470 do tomo) comparece como confirmante un tal *Fernandus Petri de Ferreiros*, cuxo apelido se corresponde cun topónimo amplamente estendido por todo o territorio galego (na actualidade, e cinxíndonos tan só ao terreo da toponimia maior, localizamos máis de 50 entidades de poboación con ese nome). No testamento faise alusión a diversos lugares doadamente identificábeis, todos eles localizados nun marco xeográfico-administrativo moi concreto como é o actual concello de Rois: vémolos no caso de *villa Silua Redonda sub aula Sancti Iohannis de Bugian* (hoxe *Silvarredonda*, na freguesía de *San Xoán de Buxán*), de *Sancti Petri de Oruogo* (hoxe *San Pedro de Herbogo*) e de *Nederonio* (actual *Leroño*, na freguesía homónima). Por outra banda, os demais confirmantes son aludidos mediante secuencias antroponímicas e especificacións profesionais nas que concorren topónimos igualmente situados no devandito concello coruñés ou ben na súa contorna máis inmediata: ademais de *Didacum Petri de Carrales* (seguramente *Carrais*, aldea da freguesía de San Pedro de Herbogo), podemos mencionar a *Petrus Pelaiz, presbiter de Ermedelo* (actual freguesía de *San Martiño de Ermedelo*) e a *Pelagius Iohannis, clericus Sancti Martini* (identificábel tal vez coa parroquia de *San Martiño de Fruíme* ou ben coa de *San Martiño de Lesende*, englobadas ambas as dúas no concello de Lousame, mais límites xa co de Rois). A conxunción de todos estes datos permitiunos establecer unha identificación case segura entre o devandito *Ferreiros* e a aldea do mesmo nome localizada na freguesía de San Miguel de Costa, sempre dentro do concello de Rois. Outro tanto podemos dicir a respecto do *Alfonsus Iohannis de Insula* citado como testemuña nun testamento con data de 1215 (doc. 352): as propiedades enumeradas no documento radican todas elas en *Sancti Laurencii de Ogrom*, ou sexa, na actual freguesía de San Lourenzo de Agrón (Ames); e, ademais, os apelidos detoponímicos das restantes testemuñas remiten sempre a núcleos de poboación desa mesma freguesía, como vemos en *Iohannes Didaci de Sendar* (hoxe *Sandar*), *Petrus Conde de Gamazanes* (actual *Gasamáns*) ou *Martinus Iohannis de Pinol* (identificábel co moderno *Piñor*). Todo parece indicar, xa que logo, que o *Insula* que lle serve como apelido a ese tal *Alfonsus Iohannis* debe ser a variante latinizada da forma *Insua* que lle dá nome hoxe en día a unha das aldeas de San Lourenzo de Agrón. Así e todo, o criterio que acabamos de exemplificar con estas dúas cadeas antroponímicas non sempre resulta igual de eficaz, e non son poucas as ocasións nas que a súa aplicación resulta excesivamente dificultosa, arriscada ou mesmo imposíbel, dada a precariedade da información toponímica fornecida polo texto.

Noutros casos, a maior relevancia social acadada polos personaxes portadores do topónimo facilitou sensíbelmente o traballo de busca. Por exemplo, *Ferran Rroyz de Castro*, citado como confirmante en dous privilexios reais do monarca Afonso X (docs. 37 e 38 do tomo), pertencía á estirpe dos Castro, cuxo epónimo era, segundo parece, a vila castelá de *Castro* ou *Castro Seriz*, hoxe *Castrogeriz* (Burgos). Procedementos similares foron os que adoptamos con apelidos detoponímicos como *Mendoza*, *Guzmán*, *Haro* e outros.

2. A dificultade á hora de discernir a natureza detoponímica ou delexical dun sobrenome. Este problema advírtese sobre todo naqueles topónimos que, pola súa forma externa, poderían remitir etimoloxicamente a apelativos vixentes na lingua medieval e aínda na moderna. É o caso, por exemplo, de *Biteyro*, rexistrado en dúas ocasións na documentación do tomo (*Dominici Petri dicti Biteyro* e *Domingo Perez dito Biteyro*). Este apelido podería relacionarse co fitónimo *bieiteiro*, denominación dunha árbore moi común en Galiza, e estaría por tanto na liña doutros moitos sobrenomes igualmente procedentes do mundo vexetal. Porén, tampouco existe ningún impedimento aparente para consideralo un apelido detoponímico, tendo en conta a existencia de topónimos como *O Bieiteiro* (núcleo de poboación da freguesía de Santa María de Laxe). Por outra banda, a especificación do sobrenome mediante o participio *dictus* / *dito*, aínda sendo máis característica dos de orixe lexical, non resulta en absoluto estraña nos apelidos detoponímicos, e así o vemos en casos como *Martinus Pelagii dictus Bran-*

donias (hoxe *Brandoñas*, no concello de Zas), *Fernandus Pelagii dictus Padrum* (alusivo a *Padrón*, no concello coruñés homónimo) ou *Roderico Petri dicto Villarino* (seguramente o actual *Vilariño* da freguesía de Cornada, concello de Brión), entre outros moitos que poderían extraerse da documentación do tomo.

A dificultade increméntase cando o sobrenome delexical aparece integrado na cadea antroponímica pola preposición *de*, sistema moito máis habitual nos apelidos detoponímicos como indicador de procedencia xeográfica ou de calquera outro matiz relacionado. Encontramos este mecanismo en casos como o de *Johanne de Ganancia* (doc. 247), seguramente relacionado co sintagma *fillo de ganancia* ou *fillo de gaança*, co significado de ‘fillo ilexítimo, bastardo’ (Boullón 1999: 232). Menos comúns poden resultar outros exemplos, como o de *Fernando Fernandi dicto de Manu* (doc. 723), onde de todas formas non resulta difícil recoñecer o uso onomástico do apelativo *man*, encadrábel dentro da tendencia ben coñecida de tomar os membros e extremidades corporais como elementos definitorios do individuo e, por tanto, como xeradores de alcumes². Tamén pode darse confusión cando se produce a duplicación desta estrutura, un fenómeno relativamente habitual nos documentos do tomo: vémolos en *Johanne Pelagii de Noya dictus de Molendino*, *Munionis Martini de Noya de rua de Valado* ou *Petro Fernandi de Noya dicto de Lauro*, exemplos nos que a combinación de dúas formas toponímicas distintas dentro da mesma secuencia parece suxerir unha certa relación xerárquica entre elas ou, incluso, unha etioloxía distinta para cada unha. En todo caso, o problema vén dado por casos como *Johannes Petri dictus de Cornoes de Roo*, onde, á luz dos exemplos anteriores, poderíamos considerar *Cornoes* como un apelido detoponímico, calquera que sexa a súa relación con respecto a *Roo* (nome compartido por dúas freguesías pertencentes respectivamente aos concellos de Noia e Outes). A favor desta hipótese estarían os numerosos topónimos galegos creados sobre a raíz prerromana **corn-*, varios deles concentrados ao redor da área de influencia do mosteiro de Toxos Outos³, mais tampouco poderían descartarse outras opcións estritamente lexicais, como por exemplo un aumentativo do substantivo *cornu*⁴.

O terceiro grande tipo de apelidos, o dos patronímicos, tamén pode presentar certas áreas de intersección co dos detoponímicos. En casos como *Martino Balteyro / Martinus Balteyro* non resulta doado saber se o apelido é na realidade o patronímico do nome persoal *Balteyro* (integrado na secuencia antroponímica mediante o sistema da aposición directa, escaso pero ben coñecido na onimia medieval galega) ou ben o topónimo *Balteiro*, denominación de dúas entidades de poboación (unha da freguesía de Oleiros, no concello de Ribeira, e outra da de Cures, no concello de Boiro). Algo semellante podería dicirse para *Petrus Pelagii dictus Miraz*, onde seguramente temos que pensar no patronímico sufixal do nome xermánico *Mira* habilitado como alcume (e non nos topónimos lucenses homónimos existentes na actualidade), ou de *Petri Rabade*, nome dun persoeiro do s. XII aludido noutros documentos como *Pedro Rapado* (nun documento do mosteiro de Xubia con data de 1144), o cal nos permitiu relacionar o seu apelido non co topónimo lucense *Rábade*, senón co alcume *rapado* a través das súas distintas variantes, neste caso en xenitivo e con sonorización da consoante oclusiva labial (Boullón 1999: 387).

En definitiva, podemos observar ao longo dos textos unha grande versatilidade na creación de estruturas antroponímicas complexas, quer na súa constitución quer na súa articulación sintáctica interna, o cal complicou notablemente o recoñecemento da natureza delexical

² O uso antroponímico deste apelativo en forma simple e no seu sentido recto semella ben atestado no conxunto da Romanía e desde época bastante temperá, a pesar de carecer de tradición na antroponimia latina (PatRom 2004: 709-735). Se nos restrinximos ao noso dominio lingüístico e cultural, podemos sinalar algúns exemplos de interese en Portugal, como *Ruy Fernandes das Mãos* ou *Martim Anes da Mão* (Vasconcellos 1928: 199).

³ Máis ou menos axustados á estrutura desta forma *Cornoes* estarían, por exemplo, *Cornes*, nome de varios núcleos de poboación pertencentes ás freguesías de Arcos (Mazaricos), Rois (Rois), Vilariño (Val do Dubra) e Torea (Muros), ou incluso *Carnés*, aldea e parroquia do mesmo nome no concello de Vimianzo.

⁴ Este substantivo non está de todo ausente na antroponimia medieval galega: por exemplo, nun documento mindoniense de 1389 menciónase un tal *Afonso Martines dos Cornos* (Cal Pardo 2005: 204).

ou detoponímica dun bo número de apelidos. Porén, unha vez superadas con máis ou menos éxito estas dificultades, e con todo o material toponímico xa debidamente reunido, identificado mediante os marcadores pertinentes e contextualizado dentro dos parámetros definitorios de cada documento, procedemos á construción dunha grande base de datos da que servinos para a terceira e máis laboriosa fase do noso inventario: a lematización, clasificación e (cando for posíbel) localización sobre o territorio de todas e cada unha desas formas toponímicas. Mais isto obrigounos a distinguir dentro da base de datos (e do texto definitivo dela derivado) dous grandes bloques de información nos que se recoñecen os dous grandes núcleos constitutivos do nome de lugar: por unha banda, a información estritamente lingüística; pola outra, a información referencial ou extralingüística.

3.2. A dimensión lingüística dos topónimos

A información lingüística incluída no noso traballo refírese única e exclusivamente á forma externa dos topónimos. Encabeza cada rexistro da base de datos, e no inventario atoparémola concentrada no lema de cada entrada, tal e como se observa no seguinte exemplo:

LOURO [LOURO] - [LAURO] *n.h.* (LOURO-Muros-1).

Como podemos comprobar, distinguimos en primeiro lugar un lema moderno (en negraña), que se corresponde coa forma actual do topónimo sempre e cando esta perdurase até os nosos días. O lema moderno é o que serve de cabezallo na maioría das entradas que conforman o glosario, concretamente no 64% das mesmas, mais existe así e todo unha porcentaxe considerábel de casos (o 36% restante) para os cales tivemos que recorrer a procedementos alternativos na construción das respectivas entradas. Estas excepcións están constituídas por aqueles topónimos para os que nos resultou imposíbel establecer un lema moderno, pois a forma en cuestión careceu de continuidade ou ben, téndoa, non fomos capaces de localizar o seu referente extralingüístico. Podemos falar así dos seguintes grupos de topónimos carentes de lema moderno.

1. A forma antiga foi substituída por outra que segue vixente na actualidade como denominación dese lugar, un fenómeno que podemos definir como *substitución toponímica* e que se observa no 5% das entradas do inventario. Adoita acontecer nos eidos da oronimia e da hidronimia menor, xa de por si propensos a fenómenos de polinomia, así como na toponimia urbana (odonimia), tenemente representada na nosa documentación. Pensemos, por exemplo, nas rúas compostelás hoxe denominadas *de Xelmírez* e *da Acibechería*, ás que se alude en varios textos do tomo como *Moneta Nova* e *Moneta Grande / Moneta Magna*, respectivamente. Fóra xa do ámbito urbano, o río *Gamo*, mencionado ao longo de moitos documentos en relación co monte Iroite, a praia de Barraña, o río *Duabra* (actual *Brea*) e as freguesías de Santo André de Cures, Santa Baia de Boiro e San Vicenzo de Cespón, só pode corresponderse co río hoxe denominado *Coroño*, designación que seguramente tomou do núcleo de poboación homónimo pertencente á devandita parroquia de Santa Baia de Boiro. En todos estes casos habilitamos como cabezallo a denominación hodierna correspondente, mais en letra itálica e subliñada, de xeito que unha simple visualización do lema permita xa ao usuario recoñecer a existencia dun fenómeno de substitución toponímica:

FIGUEIRA [BOUZAS] - [-] *n.h.* FIGUEIRA (Cures-Boiro-1).

2. Existe un pequeno grupo de exemplos nos que a forma toponímica non se conservou nin tampouco perviviu a realidade xeográfica a ela asociada, mais a abondosa documentación existente permítenos situar no territorio os seus antigos referentes cun grao de precisión máis

ou menos elevado. Esta circunstancia, constatábel no 1% das entradas do inventario, aféctalle principalmente aos nomes de demarcacións de tipo natural e/ou xurídico-administrativo, sempre suxeitas (especialmente estas últimas) a fenómenos de reestruturación, rectificación e, en último caso, de supresión ou de substitución por outros modelos de organización territorial que poden herdar ou non as antigas denominacións. A teor disto, englobamos neste grupo topónimos alusivos a antigas *terras* ou *territorios* (sempre no sentido medieval dos termos), así como a xurisdicións eclesiásticas e/ou civís hoxe extintas e cuxo nome non se perpetuou en ningunha outra institución ou entidade poboacional. Tampouco podemos esquecer algúns exemplos de edificacións (principalmente mosteiros, igrexas e capelas) caídas en desuso e finalmente desaparecidas. Na documentación do tomo concorren así topónimos como *Corenza* / *Corentia*, couto e freguesía baixo a advocación de San Martiño e en cuxos termos existiu antigamente un mosteiro. Hoxe, todas as realidades noutrora designadas polo topónimo *Corenza* / *Corentia* desapareceron; no que se refire concretamente ao núcleo de poboación, este repartiuse entre os lugares de Nimo, Vilardante e Vilafabeiro, todos eles actualmente englobados na parroquia de Santa María de Roo (Noia). Nunha situación similar encontraríase o topónimo *Sancta Taasia* / *Sancta Talasia*, designación dun mosteiro (e mesmo dunha freguesía asociada a este) hoxe xa desaparecido, mais que estivo radicado no que hoxe é a parroquia de Santo Ourente de Entíns (Outes)⁵. A un nivel xeográfico máis amplo podemos sinalar exemplos como o de *Toronium* (antigo territorio do suroeste de Galiza) ou *Montem Nigrum* (antigo territorio estendido polo norte da actual provincia de Lugo), bastante recorrentes ao longo das distintas coleccións documentais medievais. En todos estes casos utilizamos como cabezallo o lema romance ou, no seu defecto, o latino, pois son estas as referencias que necesariamente terá que manexar o usuario á hora de buscar información sobre tales entidades. O cabezallo figura sempre entre corchetes ([]) e en itálica, mentres que no corpo da entrada o símbolo [Ø] (conxunto baleiro) denota a inexistencia moderna do referente extralingüístico orixinal do topónimo:

[*CORENZA*] - [CORENTIA] n.h. [Ø] Nimo~Vilardante~Vilafabeiro (Roo-Noia-1).

3. Cómpre xebrar claramente o subconxunto anterior do formado por topónimos que, malia perderen o seu referente inicial, seguiron existindo aplicados a realidades da contorna xeográfica máis ou menos inmediata. Neses casos, que non superan o 2% das entradas do glosario, produciuse por tanto unha deslocación do referente. Obsérvase especialmente no caso de antigos mosteiros cuxa denominación, ao desapareceren, foi conservada pola freguesía na que radicaban, con independencia de se a orixe desta foi anterior ou posterior á da propia institución monástica. Pensemos por exemplo no desaparecido mosteiro de *Portoor* / *Portus Hodorii*, situado na parroquia que aínda hoxe conserva a denominación e mesmo a advocación do antigo cenobio (Santa María de Portor, no concello de Negreira). Tamén adoita observarse en nomes de circunscricións e comarcas medievais que unicamente se mantiveron como denominación de entidades poboacionais creadas dentro dos seus límites, case sempre coa estrutura [Haxiónimo + de + Territorio de referencia]. Este fenómeno, ben coñecido, pode exemplificarse co antigo territorio de *Ribadulla* (*Ripa Ulie* na documentación do tomo), cuxa extensión se correspondería aproximadamente coa dos actuais concellos coruñeses de Boqueixón e Vedra. Ese territorio desapareceu como tal demarcación político-xurídica e mesmo como bisbarra, mais a súa denominación perpetuouse a través de topónimos como *San Mamede de Ribadulla* e *Santa Cruz de Ribadulla* (freguesías do concello de Vedra), así como o propio *Ribadulla* (nome dunha aldea da parroquia de San Xiao de Arnois, na Estrada).

⁵ A extinción destas dúas realidades e das súas respectivas denominacións non se remonta a época especialmente remota, pois aínda o arcebispo Jerónimo del Hoyo as rexistra nas súas *Memorias del Arzobispado de Santiago* (1607), referíndose a elas cos nomes de *San Martino de Corença* e *Santa María la Real, alias Santa Tasia y Anastasia*.

No inventario encontraremos estes casos introducidos pola forma moderna conservada como cabezallos:

Portor [PORTOOR] - [PORTO HODORI] *most.* [Ø] Portor (Portor-Negreira-1).

4. Por último, contamos cun 28% de entradas nas cales non só se perdeu a forma toponímica antiga reflectida nos documentos, senón que ademais descoñecemos a denominación hodierna da realidade xeográfica á que aludía. Aínda así, e grazas ás referencias directas e indirectas dos documentos, podemos establecer cunha certa marxe de seguranza a freguesía, concello e/ou provincia onde se encontraría tal referente, cando menos na maioría dos casos. Por exemplo, o topónimo *Cortal* (doc. 609 do tombó) carece, até onde nós sabemos, de continuadores na toponimia galega actual, mais na carta de partición na que o rexistramos explíctase que *totam istam hereditatem habet monasterium Sancti Justi in villa Alvariza*, información coincidente coa do propio rexesto redactado polo copista en época posterior (*De particione ville de Alvariza de parte Sancti Justi*). Deste xeito, aínda descoñecendo o referente actual de *Cortal* e/ou a denominación que podería dárselle na actualidade, podemos cando menos situalo nunhas coordenadas xeográficas moi precisas: o lugar de Alvariza, pertencente á freguesía de Santa Cristina de Barro, no concello de Noia. Noutros casos, en cambio, a información extraíbel do corpo do documento será moito máis parcial, difusa ou mesmo inservíbel para o noso cometido⁶.

Xa que logo, as particulares circunstancias que caracterizan este conxunto de topónimos obrigounos a utilizar marcadores numéricos a xeito de cabezallos, seguidos en cada caso dun determinado número de asteriscos (*) mediante o cal expresamos a maior ou menor cantidade de información dispoñíbel para ese topónimo en cuestión. Deste xeito, a ausencia de asteriscos supón que o corpo da entrada está completo:

042 [CABANA] - [-] *agr.?* Alvariza (Barro-Noia-1).

Pola contra, un único asterisco (*) indica que non conseguimos localizar o lugar, ou que a opción que damos é cando menos dubidosa; dous asteriscos (**) implican xa a ausencia de información relativa ao lugar e máis á parroquia; nos topónimos marcados con tres asteriscos (***) falta ademais o concello; e, finalmente, catro asteriscos (****) significan o descoñecemento de calquera posíbel coordenada xeográfico-administrativa segura na que encadrar o topónimo:

107* [DOMBAZ] - [-] *n.h.* ??? (Cespón-Boiro-1).

122** [FORCASA] - [-] *c.fluv.* ??? (???-Negreira-1).


076*** [CERESA] - [-] *n.h.* ??? (???-???-1).

087**** [-] - [CONCHIS] *n.h.?* ??? (???-???-???)

En definitiva, podemos ver como os distintos grupos de topónimos que acabamos de comentar veñen definidos en cada caso por unha determinada relación entre a forma toponímica e o seu referente extralingüístico, relación que pode expresarse basicamente en termos de pervivencia / extinción e que, nas súas diversas posibilidades combinatorias, exemplifican as dinámicas internas que foron conformando e transformando ao longo do tempo o sistema toponímico galego. Velaquí, por tanto, unha aplicación do noso traballo que cremos especialmente interesante para reorientar os estudos onomásticos cara a unha concepción máis sistémica e global da toponimia:

⁶ Evidentemente, a situación que se reflicte no inventario para moitos destes topónimos debe entenderse como algo provisional, pois a ampliación do repertorio documental manexado e un traballo de campo exhaustivo seguramente nos permitirán localizar boa parte deses referentes xeográficos xunto coas súas correspondentes denominacións modernas ou, cando menos, perfeccionar a cantidade e calidade de información ofrecida en moitas destas entradas.

	A	B	C	D	E
Forma	+	-	+	-	-
Referente	+	-	-	+	?



Relación forma-referente na toponimia do tomo de Toxos Outos

No tocante ao proceso de lematización propiamente dito, puidemos observar nos exemplos anteriores que, ademais do lema moderno, establecemos dous tipos adicionais de lema medieval aos que xa aludimos: un lema medieval romance e un lema medieval latino. A decisión de xebrar o lema medieval nestas dúas subcategorías débese ao feito de moitos topónimos apareceren en ocasións con trazos evolutivos xa claramente definíbeis como romances (principalmente galegos, mais nalgúns casos tamén casteláns e incluso leoneses), mentres que noutros casos a súa fisonomía externa é aínda latina, ou ben resultado dun proceso de (pseudo)latinización. Deste xeito, tanto as formas claramente latinas como as latinizadas⁷ obrígnanos a considerar un lema medieval latino ao carón do lema medieval romance.

En moitas ocasións, esta distinción revélase como unha convención puramente práctica orientada a unha mellor manipulación do material, pois son moitos os topónimos que ofrecen solucións intermedias entre o romance e o latín (*Palazos, Figaria...*), así como os compostos cuxos constituíntes aparecen en linguas distintas (*Juncaria de Rielo, Paaços de Celticos...*). Nestes casos dámoslle sempre primacía ao romance: sempre que o topónimo presente un cambio vocálico e/ou consonántico identificábel como romance será clasificado como tal e motivará, xa que logo, a presenza dun lema medieval romance no corpo da entrada. Outro tanto acontecerá sempre que nun topónimo composto exista cando menos un elemento romance. Noutras ocasións, o problema orixínano as distorsións provocadas pola representación gráfica: son casos nos que o topónimo presenta unha forma externa que podería ser adscrita tanto ao latín como ao romance. A miúdo esta complicación vese agravada polo emprego de graffías ou combinacións gráficas que poden entenderse efectivamente como propias da escrita latina, mais tamén como opcións arcaicas para a representación de fonemas xa romances, algo nada estraño se temos en conta as datas tan temperás (finais do s. XII e primeira metade do s. XIII) nas que comezaron a producirse os documentos logo reunidos no tomo.

⁷ Esta latinización (ou pseudolatinización) materialízase de distintos xeitos. Salienta especialmente a reconstrución de grupos consonánticos cultos incongruentes coa etimoloxía real da palabra: é o caso de *Coczario* por *Couceiro* (< CALCÍARIŪ) ou de *Octario* por *Outeiro* (< ALTARIŪ). Tamén habería que falar de latinizacións superficiais como a que implica a forma *Istario* por *Esteiro* (< AESTUARIŪ), p. ex., ou da intervención da asociación etimolóxica, que explica a forma *Tauro* para *Toro* (probábel derivado da raíz prerromana *tur-). Todos estes casos, e algúns máis que poderían engadirse, foron considerados como formas latinas, e xustificaron a presenza de cadanseu lema latino.

Alternancias como *Brandonas / Brandonias*, *Luana / Luania* ou *Beseço / Besecio* ilustran esta dificultade, incrementada naqueles casos en que descoñecemos a base etimolóxica. Noutros exemplos a decisión resultou máis sinxela: en *Bugian* (e variantes) hai que ver xa un topónimo claramente romance, por máis que na representación do fonema /ʒ/ se optase polos grafemas <gi> nunha solución continuadora da tradición escríptográfica latina, mais cuns referentes fonolóxicos xa alleos á mesma.

En canto aos criterios de lematización, estes procuraron sempre a creación de lemas homoxéneos e coherentes, mediante a redución das numerosas variantes gráficas existentes ao longo do tomo. Así, fronte á vacilación entre <u> e <v>, allea moitas veces á natureza vocálica ou consonántica do fonema que se procura representar, nós optamos por establecer unha distribución sistemática: <u> cando se trata dunha vogal e <v> cando o son en cuestión é de natureza consonántica. Deste xeito facilítase ademais o acceso do usuario á correcta pronuncia dos topónimos, pois a alternancia gráfica dos textos medievais conduce non poucas veces a confusións neste sentido. Por exemplo, o lema romance das formas toponímicas *Uzas* e *Vanzas* (actual *Banzas*, na freguesía de Santo Ourente de Entíns) é [VANZAS], mentres que para *Curuido* e *Coruido* (hoxe *Croído*, na freguesía de San Xoán de Lousame) reconstruímos un lema [CURUIDO], que obriga a unha lectura [kuru'iðo] coherente coa posterior evolución da forma toponímica en cuestión.

Asemade, optamos sistematicamente polo emprego de <y> como representación da semi-vogal de articulación palatal ([j]) nas formas romances, e por <j> nas formas latinas, respectando así as tendencias gráficas características dunha e outra lingua. De acordo con esta pauta, o lema romance das formas *Noia* e *Noya* é [NOYA], mais para as formas *Brium de Juso* e *Brium de Juso* reconstruímos un lema [BRION DE JUSO]. Por outra banda, reservamos <i> para os casos en que a vogal palatal é núcleo silábico, de xeito que o lema romance de *Moino* é [MOINO], por exemplo.

Para os casos de vacilación <ç> / <z>, <v> / e similares escollemos as opcións gráficas máis acordes coa etimoloxía, coa condición de tales opcións estaren apoiadas por formas toponímicas concretas dos textos. Todos os casos de nasal homosilábica final, grafada alternativamente como <m> ou <n> nos documentos do tomo, foron reducidos a esta segunda opción: por exemplo, as formas *Orelam* e *Orelan* (hoxe *Orellán*, nome dunha aldea da freguesía sonense de San Pedro de Baroña) redúcense por este criterio a un lema [ORELAN]. En canto aos grupos vocálicos heterosilábicos resultantes da síncope consonántica, conservámoslos sempre e cando non haxa exemplos no texto que representen xa a súa crase, e optando pola forma máis próxima á solución moderna: así, *Braonio* e *Broonio* (actualmente *Broño*, nome dunha freguesía do concello de Negreira) presentan un lema [BROONIO].

A toponimia latina ou latinizada presenta o problema da flexión casual, que nos textos do tomo xa raras veces se adapta aos patróns do latín clásico. Para solventar esta cuestión e dotar dun mínimo de homoxeneidade ao tratamento desta inxente masa toponímica, optamos por lematizala reducindo todas as ocorrencias ao caso xeral do latín galaico (procedente do acusativo latino), por outro lado o máis habitual na nosa documentación. Deste xeito, *Ferrarios* e *Ferrariis* teñen como lema latino [FERRARIOS] (correspondente ao caso acusativo plural), mentres que pola súa banda as formas *Gallecia*, *Gallaetia*, *Gallecie*... remiten a un lema [GALLECIA].

3.3. A dimensión referencial dos topónimos

A información referencial, relativa á realidade extralingüística aludida polo topónimo, ocupa o corpo da entrada e presenta distintos niveis:

Louro [LOURO] - [LAURO] *n.h.* (LOURO-Muros-1).

Porén, eses niveis poden reducirse, como decote, a dous grandes subgrupos con características definitorias netamente diferenciadas:

1. O contexto xeográfico-administrativo do topónimo: neste punto habilitamos as categorías *Lugar* (núcleo de poboación subordinado á freguesía ou a unha entidade poboacional equivalente a esta), *Freguesía* (referido a parroquias propiamente ditas), *Concello* e *Provincia*. Canto a esta última, permitiunos establecer dous grandes grupos de topónimos: os galegos e os extragalaios, dicotomía bastante acorde co grao de presenza e representatividade duns e outros na documentación do tomo. Así mesmo, establecemos un código numérico que nos permitiu un manexo máis áxil e práctico desta categoría. Desta maneira, para os topónimos galegos tomamos como referencia a división administrativa vixente nos nosos días, asignándolle o número 1 á provincia da Coruña (a máis representada con moita diferenza na documentación), o 2 á de Lugo, o 3 á de Ourense e o 4 á de Pontevedra. Aplicamos este criterio aínda sabendo das limitacións que supón para certos topónimos, nomeadamente aqueles que designaban entidades supralocais cuxos límites raramente poden conciliarse cos das modernas provincias. Porén, cando tales entidades se manteñen hoxe en día abonda coa simple xustaposición dos códigos numéricos propostos. É o caso da diocese de Santiago de Compostela, que, ao estenderse por parte das actuais provincias da Coruña e Pontevedra, foi caracterizada mediante a combinación numérica 14. O mesmo procedemento adoptamos con certos fenómenos xeográficos, concretamente o río Miño (*Minei* na documentación do tomo), marcado coa combinación 234 en alusión ás tres provincias (Lugo, Ourense e Pontevedra) polas que discorre o seu caudal.

Para os topónimos non galegos (exceptuando o caso dos españois), a etiqueta *Provincia* non resulta plenamente funcional, cando menos tomada no sentido xurídico-administrativo co que llelo aplicamos aos topónimos galegos, e máis aínda tendo en conta que moitos deses topónimos aluden a reinos e entidades políticas maiores (*Hispania, Anglaterra...*), non localizadas obviamente en ningunha provincia, distrito ou circunscrición análoga. Por tanto, esta etiqueta servirá unicamente para indicar en que país actual se encontran localizados. Tomando como base o número 5, que por si só implica situación non galega da referencia toponímica en cuestión, creamos os códigos 51 (España), 52 (Portugal), 53 (Francia), 54 (Italia), 55 (Inglaterra), 56 (Turquía) e 57 (Palestina). En todo caso, somos conscientes de que esta cuestión deberá ser retomada, repensada e refinada conforme vaia avanzando e perfeccionándose o propio proxecto. Asemade, farase necesario ir arrequentando o repertorio de categorías administrativas (dándolles entrada a realidades como as comarcas, dioceses, arceprestados, partidos xudiciais, xurisdicións antigas...), o que necesariamente implicará unha profunda reformulación do que empregamos para o noso inventario, ao mesmo tempo que posibilitará unha localización máis exacta e matizada de cada topónimo.

Ademais destas catro categorías existe unha quinta, *Outros*, pertinente tan só para aqueles topónimos que designan entidades non habitadas (montes, ríos, fontes, terras de cultivo...) ou que, estándoo, presentan unha extensión supramunicipal e/ou supraprovincial (reinos, dioceses, arceprestados...) que nos obriga a tratalos de xeito particular e específico. Cando coñecemos con certa precisión os lugares, freguesías e/ou concellos abarcados por esas entidades, facémolas constar todas no lugar correspondente da entrada, mais debidamente separadas entre si polo símbolo ~. Pensemos, por exemplo, no antigo territorio de *Besezo / Besecio*, cuxa extensión podería corresponderse *grosso modo* coa da actual freguesía de Santa María de Viceso e parte da de San Xulián da Luaña, no concello coruñés de Brión (González Pérez 1998: 18). Algo similar acontece co río hoxe denominado *Sirves* (que debe corresponderse co *aquam de Sequa* aludido no doc. 738 do tomo), dividido entre as freguesías de Santa María de Olveira e San Xíán de Artes, ambas as dúas no concello de Ribeira:

SEGO [SEQUA] - [-] *c. fluv.* SIRVES (Olveira~Artes-Ribeira-1).

VICESO [BESEZO] - [-] *terr.* [Ø] (Luaña~Viceso-Brión-1).

2. A tipoloxía referencial á que responde cada topónimo, ou, noutras palabras, o que algúns estudosos dan en chamar o *designatum* (Terrado 1999: 70). As tipoloxías que establecece-

mos neste punto baséanse na natureza referencial dos diversos topónimos do tombro, e foi en función dela que recoñecemos os seguintes subgrupos:

- as entidades de poboación, con especial atención ás de ámbito rural (sen dúbida as máis numerosas), mais tamén ás particulares formas de agrupamento humano dos núcleos urbanos, concretamente Noia, Santiago de Compostela e Padrón no que ao tombro de Toxos Outos se refire.
- os fenómenos físicos, divididos en orográficos (montes e outeiros, basicamente) e hidrográficos (ríos, regatos, fervenzas, mananciais, fontes), e que tradicionalmente viñeron servindo para establecer dúas das máis relevantes clases toposemánticas: a orotoponimia e mais a hidrotoponimia. Outras realidades visíbeis da paisaxe, como as extensións arboradas (*nemus*, bosque) ou os territorios insulares, por exemplo, tamén forman parte deste conxunto
- as diversas demarcacións territoriais e xurídico-administrativas (civís ou relixiosas), categoría conectada en boa medida co primeiro subgrupo, aínda que caracterizada pola natureza necesariamente supralocal destas entidades
- o ámbito da agricultura e do cultivo e explotación das terras (leiras, tenzas, agros...) forma tamén un grupo referencial de características ben definidas, aínda que ás veces difícil de identificar nos textos a non ser que se expliciten termos como *agrum*, *hereditatem*, *leyra* ou similares
- constitúen tamén un conxunto ben perfilado e individualizado as institucións relixiosas, tan determinantes na sociedade medieval europea, así como os seus centros de acción e culto (mosteiros, igrexas, ermidas, capelas). Dada a habitual coincidencia entre a denominación dun mosteiro e a que recibe a freguesía na que se asenta (a miúdo xerada e desenvolvida arredor do propio mosteiro), a distinción entre institución relixiosa e núcleo habitado non sempre nos resultou doada. Neste sentido, resulta crucial a observación atenta do contexto textual no que concorren as formas toponímicas en cuestión
- a expresión material da acción humana sobre a paisaxe a través dos seus distintos tipos de construcións, sexan de finalidade comunicativa (pontes, camiños), defensiva (castelos, fortalezas) ou doutro tipo (mámoas, marcos...)
- resta por último un grupo no que constan tan só dous grandes espazos extraídos do imaxinario relixioso da época e altamente presentes nos documentos, sobre todo nas partes fixas dos mesmos: referímonos ao Reino dos Ceos (*Regnum Caelorum*) e, sobre todo, ao Inferno (*Infernum*), este último moi recorrente nas habituais fórmulas imprecatorias da documentación altomedieval. Estes espazos, que desde a nosa perspectiva moderna poderían definirse como "míticos" ou, cando menos, "abstractos", non o eran en absoluto na cosmovisión propia do cristianismo medieval, que entendía seguramente o Ceo e o Inferno como espazos físicos concretos. En todo caso, coidamos que tanto *Ceo / Regnum Caelorum* como *Inferno / Infernum* (e o mesmo podería dicirse dos seus respectivos sinónimos, como *Paraíso* ou *Tártaro*, por exemplo) presentan as características e fisionomía propias do topónimo, aínda posuíndo referentes de natureza radicalmente distinta ao da inmensa maioría dos nomes de lugar.

O resultado desta división foi a creación do seguinte repertorio de tipoloxías referenciais, acompañadas en cada caso da abreviatura coa que aparecen expresadas no inventario:

Tipoloxía	Código ⁸	Abreviatura
Núcleos habitados		
Aldeas, freguesías, vilas	11	<i>n.h.</i>
Rúas	121	<i>r.</i>
Prazas	122	<i>pr.</i>
Outros elementos urbanos (portas, murallas)	123	<i>el.urb.</i>
Relevo físico e paisaxe natural		
Accidentes do relevo (montes, promontorios, outeiros)	212	<i>mon.</i>
Correntes fluviais (ríos, regatos)	221	<i>c.fluv.</i>
Fontes e mananciais	222	<i>font.</i>
Accidentes costeiros (praias, rías, enseadas)	23	<i>cost.</i>
Illas	24	<i>ill.</i>
Extensións arboradas (bosques, <i>nemus</i>)	25	<i>arb.</i>
Entidades supralocais		
Comarcas, <i>terras</i> , territorios naturais	31	<i>terr.</i>
Demarcacións políticas maiores (reinos)	321	<i>circ.pol.ma.</i>
Demarcacións políticas menores (condados, ducados)	322	<i>circ.pol.men.</i>
Demarcacións relixiosas maiores (dioceses)	331	<i>circ.rel.ma.</i>
Demarcacións relixiosas menores (arciprestados, arcediagados)	332	<i>circ.rel.men.</i>
Explotación da terra		
Terras de cultivo, labradíos, leiras	4	<i>agr.</i>
Institucións relixiosas		
Mosteiros	51	<i>most.</i>
Capelas e ermidas	52	<i>cap.</i>
Igrexas	53	<i>igr.</i>
Intervención humana na paisaxe		
Pontes e vías de comunicación	61	<i>v.com.</i>
Construcións defensivas (castelos, <i>oppidum</i>)	62	<i>c.def.</i>
Marcos, mámoas, monumentos megalíticos	63	<i>m.lit.</i>
Espazos mítico-relixiosos		
Ceo / Inferno	7	<i>mit.rel.</i>

Somos conscientes de que este repertorio, aínda que axeitado á masa toponímica presente na documentación coa que traballamos, resulta en certo xeito escaso e non podería aplicarse indistinta e sistematicamente a calquera outro corpus toponímico distinto daquel para o que foi construído. De feito, a nosa intención é ir perfeccionando, ampliando e matizando esta proposta tipolóxica, algo ao que tamén nos irá obrigando a progresiva introdución de novas obras no proxecto. As grandes clasificacións toposemánticas existentes (tan diversas como au-

⁸ Referímonos ao código numérico que lle asociamos na base de datos a cada tipoloxía referencial de cara a axilizar a súa manipulación. Este código numérico foi logo substituído polas correspondentes abreviaturas na versión definitiva do inventario.

tores, mais asentadas nun catálogo máis ou menos recorrente de categorías) e os manuais de xeografía e historia serán instrumentos claves para este propósito.

Por outra banda, algunhas das categorías contempladas presentan o problema de que se solapan mutuamente, ou ben presentan zonas importantes de intersección entre si. Advertímolo sobre todo no eido das demarcacións naturais, políticas e/ou relixiosas, fundamentalmente interconectadas xa desde os comezos da territorialización do Noroeste peninsular (Baliñas 2006: 95). É moi habitual que comarcas inicialmente definidas por unhas características físicas e nalgúns casos tamén sociais acabasen servindo como base territorial para a constitución de condados (o que nos fala xa dunha realidade estritamente socio-política), na órbita do poder civil, e de arciprestados ou arcediagados, se falamos desde a óptica da administración relixiosa. Neste sentido, cómpre lembrar que moitos topónimos antigos foron conservados única e exclusivamente na nomenclatura relixiosa, unha vez desaparecidos do ámbito estritamente civil. Tendo en conta esta realidade, os problemas resultaban evidentes á hora de clasificar topónimos como *Valeirón*, antiga comarca que se estendía por varias freguesías do que hoxe é o concello de Rois e que tamén funcionou como arciprestado da arquidiocese compostelá até a súa integración no da Maía, a comezos do s. XIII (González Pérez 1999: 24). No universo político contamos con exemplos análogos: *Lemos*, por exemplo, é desde época temperá un *comitatus*, mais este alicerzouse á súa vez nunha realidade xeográfica preexistente que, neste caso, si se mantivo até os nosos días (aínda que fose parcialmente ou con variacións territoriais máis ou menos significativas con respecto á extensión orixinal), a través da comarca da *Terra de Lemos*, no sur da provincia de Lugo. Nunha liña similar están casos como *Sarria*, *Berez* (= *Bierzo*), *Limia* e varios outros.

Para resolver esta cuestión optamos por respectar no máximo posíbel o contexto no que aparecen este tipo de topónimos. Fixámonos así, por un lado, no contexto textual, procurando referencias dentro do documento que nos especificasen en que categoría exacta debíamos inscribir esa mención concreta do topónimo. Voltando ao exemplo de *Valeirón*, clasificámolo como circunscrición relixiosa (arciprestado) só cando o topónimo se relaciona con indicadores léxicos que así o explicitan: por exemplo, a secuencia *archipresbiter de Valeyrom* (doc. 178) é suficientemente clara a este respecto. No resto de atestacións deste topónimo ao longo do tomo, polo demais moi numerosas, non existen especificacións deste tipo, de xeito que optamos por clasificalo, por defecto, como nome dun territorio natural. No caso de *Transtamar*, denominación dun arcediagado da igrexa compostelá mais tamén dun dos condados máis importantes da Galiza medieval, efectuamos unha operación similar, mais desta vez procurando termos desambiguadores como *archidiaconus* fronte a *comes* ou *tenens*, por exemplo. Por outra banda, respectamos sempre que puidemos a tipoloxía referencial explicitada na documentación do tomo, ou ben a que lle coñecemos ao topónimo en cuestión a través doutras fontes: *Lemos* existe hoxe efectivamente como comarca física dotada ademais dunha certa personalidade administrativa, mais na Idade Media era o núcleo dun poderoso condado e, conforme a isto, clasificamos ese topónimo como denominación dunha entidade política menor.

3.4. Identificación e localización de topónimos: fontes utilizadas

Tal e como viñemos comprobando, un dos puntos clave do noso traballo consistiu en establecer as correspondencias entre as formas toponímicas atestadas no tomo de Toxos Outos e os seus correlatos modernos, así como o contexto xeográfico-administrativo dos seus referentes extralingüísticos. Nesta angueira recorreremos a distintos tipos de fontes, salientando moi especialmente as seguintes:

1. Coleccións documentais da área xeográfica na que se instalou o mosteiro de Toxos Outos e pola que se espallaron os seus dominios. Trátase principalmente de documentación eclesíastica tanto monástica como arcebispal, mais tamén adquiriu moita relevancia a

documentación civil xerada nas principais vilas e cidades da contorna de Toxos Outos. Referímonos basicamente a Noia, Muros (con especial importancia da documentación do antigo Hospital dos Pobres, Lamas 198?), Rianxo (para a cal contamos coa magnífica edición dos documentos do notario Álvaro Pérez, Tato 1999), Padrón e, en menor medida, Santiago de Compostela

2. Obras de carácter estritamente onomástico, centradas tanto no eido da toponimia como no da antroponimia. Estas últimas servíronnos moitas veces para determinar a natureza de certos sobrenomes persoais e afirmar ou descartar a súa natureza detoponímica. Entre elas debemos sinalar, para o ámbito galego-portugués, a *Antroponimia medieval galega* de Ana Boullón, a *Antroponimia portuguesa* de Leite de Vasconcellos, o *Hispano-gotisches Namenbuch* de J. M. Piel e D. Kremer e, quizais cun menor grao de fiabilidade en moitos aspectos, a *Onomástica persoal do Noroeste hispano* de Elixio Rivas. No que respecta aos estudos sobre toponimia, recorreremos primeiramente a obras teóricas, que nos axudaron a configurar un marco e unhas categorías nas que ir encaixando as distintas fases e obxectivos do noso traballo. Tamén nos resultaron de grande axuda as obras centradas en subáreas toponímicas concretas (toponimia prerromana, antropotoponimia, hidrotoponimia...) e, por suposto, os estudos toponímicos sobre zonas xeográficas concretas que, pola súa relación no pasado co mosteiro de Toxos Outos, resultaban de especial interese para o noso propósito
3. Obras de temática histórica e xeográfica sobre a nosa área de referencia. A utilidade deste tipo de textos é dupla: por un lado, permítennos afondar nas características que definen, a eses dous niveis, o territorio no que centramos o noso traballo; por outro, estas obras sempre fornecen, directa ou indirectamente, datos sobre a toponimia das zonas estudadas e as posibles alteracións que esta puido experimentar ao longo dos séculos
4. Dicionarios e glosarios, tanto de uso común como de natureza estritamente onomástica e, máis en concreto, toponímica. Aínda necesitado unha profunda revisión, deben destacarse por motivos obvios dúas obras: o *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*, de J. P. Machado, e o *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* de Joan Coromines.

4. ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

A metodoloxía e procedementos de traballo que acabamos de describir soamente pretenden exemplificar unha das moitas orientacións que poden dárselle ao estudo da toponimia galega. Tamén procuramos chamar a atención sobre algunhas das complicacións máis habituais que implica traballar cun obxecto de características tan peculiares e en ocasións difusas como o é a toponimia medieval. Problemas gráficos, distorsións provocadas (ou non) polos copistas, circunstancias históricas ou xeográficas cambiantes, multirreferencialidade... foron algunhas das cuestións ás que lles prestamos maior atención, mais ficaron aínda moitas outras no tinteiro, algunhas delas de certa relevancia e para as que aínda está pendente unha resolución plenamente satisfactoria. En todo caso, proxectos coma este deben definirse polo seu carácter aberto e por unha construción lenta e laboriosa que vaia integrando as achegas de disciplinas e autores moi diversos, non só no referente aos contidos do traballo (péñese sen ir máis lonxe nese 28% de topónimos aínda pendentes de localizar), senón incluso no tocante á súa organización e estruturación, tanto interna como externa.

Porén, cremos que ao longo destas páxinas puideron xa intuírse algúns dos beneficios máis salientábeis que poden reportarnos inventarios toponímicos como o construído para o tomo de Toxos Outos. Un deles consiste en subliñar o carácter sistémico da toponimia e expresar, mediante unhas convencións sempre suxeitas a crítica e revisión, algunhas das dinámicas que interviñeron na súa evolución e transformación e que explican, xa que logo, a súa fisionomía actual. Mais poderían sinalarse tamén outros aproveitamentos máis inmediatos, como

a grande utilidade de repertorios deste tipo para as cuestións etimolóxicas, consubstanciais á propia ciencia toponímica, ou para traballos históricos e xeográficos sobre territorios como, neste caso, o dominio monástico de Toxos Outos. Utilidades todas elas que invitan a seguir explorando o terreo complexo, escuro mais fascinante da nosa toponimia medieval.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Fontes documentais

- Cal Pardo, Enrique (2005): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Lamas Carballo, Adela (198?): *Edición dos documentos do Espital dos Pobres da vila de Muros*. Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.
- Pais Lapido, Pedro (1889): "Documentos del monasterio de Tojos-Outos", *Galicia Diplomática* 49-50, 337-341.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2004): *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Salvado Martínez, Vicente (1991): "Tumbo de Toxosoutos: siglos XII y XIII", *Compostellanum* XXXVI (1-2), 165-227.
- Tato Plaza, Fernando R. (1999): *Libro de Notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Estudos

- Baliñas Pérez, Carlos (2006): "Terra, tempo e xente: as orixes altomedievais da comarcalización de Galicia", en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.), *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 93-101.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega* (ss. VIII-XII). Tübingen: Max Niemeyer.
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae) (<http://balteira.cirp.es/codolga/>)
- Coromines, Joan (1983): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid: Gredos.
- González Pérez, Clodio (1998): *Brión: historia, economía, cultura e arte*. Noia: Toxosoutos.
- González Pérez, Clodio (1999): *A Terra do Valeirón* (=Papeis do Valeirón 10). Urdilde: [s.n.].
- Guajardo-Fajardo Carmona, María de los Ángeles (1989): "Fundación y orígenes el monasterio de Tojos Outos (Siglo XII)", *Historia, Instituciones, Documentos* 16, 357-374.
- Instituto da Lingua Galega: TMLG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega) (<http://usc.es/ilgas/tmlg>)
- Machado, José Pedro (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- PatRom = Kremer, Dieter / Ana María Cano González / Jean Germain (2004): *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane. Volume II: L'homme et les parties du corps humain (première partie)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- Piel, Joseph M. / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica persoal do Noroeste hispano*. Lugo: Alvarellos.
- Terrado Pablo, Javier (1999): *Metodología de la investigación en toponimia*. Zaragoza: Ino Reproducciones.
- Vasconcellos, José Leite de (1928): *Antroponímia Portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional.